

Primeiro Ciclo Primaria Día das letras galegas 2012



**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade»**

M.^a del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Armando Xosé Herrero Mayor
Rosa M.^a Andrés Losada
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

**Seminario de Formación
«Material didáctico sobre V. Paz Andrade»**

María Barca Gómez
Xulio Gallego Revaldería
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade na rede»**

Marta Barca Gómez
María Fernández de Sanmamed Maneiro
Francisco Guitián Valeiro
Isabel Hortas González
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Isabel M.^a Miguélez Pose

Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Alfredo Brañas, de Paiosaco-A Laracha
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende-Arteixo
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre
EEI de Dimo, de Catoira

Á Real Academia Galega, á Fundación Penzol, de Vigo, a Antonio Palla e a todos os que contribúen, anónima e desinteresadamente a publicación destas actividades, grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>



O poeta e escritor Valentín Paz Andrade naceu na parroquia de Lérez, en Pontevedra, o 23 de abril de 1898.

Fixo os estudos de bacharelato na cidade de Pontevedra e, xa de mozo, estudou para avogado na Universidade de Santiago de Compostela.

Dende moi novo adicouse a escribir en xornais e revistas e chegou a dirixir, durante cinco anos, o xornal «*Galicia*», aínda que seguiu colaborando noutros xornais e revistas galegas e madrileñas.



Traballou como avogado de moitas empresas pesqueiras e escribiu moitos libros sobre os problemas da pesca en Galicia e no mundo.

Fundou, xunto con outras persoas, a empresa Pescanova, adicada á pesca en mares moi afastados de Galicia.

Escribiu tamén poesía. O seu primeiro libro está adicado ao seu amigo Alfonso Rodríguez Castelao, e leva por título «*Pranto Matricial*». Máis tarde escribiu «*Sementeira do vento*» e «*Cen chaves de sombra*».

Foi membro da Real Academia Galega e da Real Academia Galega das Ciencias e galaradoado co Pedrón de Ouro, a medalla Castelao e numerosos premios máis, polo seu traballo a prol de Galicia.


Este ano é o autor elixido pola Real Academia para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas.



ENCRUCILLADO

1

1



HORIZONTAIS

- 1.- Traballo que exerceu durante a maior parte da súa vida.
- 2.- Primeiro apelido do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- 3.- Parroquia pontevedresa na que naceu Valentín Paz Andrade.
- 4.- Nome da industria pesqueira que axudou a crear.
- 5.- Cidade na que estudou de mozo.
- 6.- Apelido dun grande amigo seu e ao que lle adicou un libro.
- 7.- Mes no que naceu Valentín no ano 1898.
- 8.- Segundo apelido de Valentín Paz.

CALES SON DE PAZ ANDRADE?

2

1

Arrodea e colorea os libros escritos por Paz Andrade.



QUE FOI PRIMEIRO?

3

1

Ordena e copia por orde cada unha destas oracións.

NACEU EN PONTEVEDRA

DIRIXIU O XORNAL «GALICIA»

É HOMENAXEADO NO DÍA
DAS LETRAS GALEGAS

ESCRIBIU «PRANTO MATRICIAL»

FUNDOU PESCANOVA

1

2

3

4


5

COMPLETANDO OS DATOS.

4

1

Usa as palabras dos recadros e completa os datos que se refiren ao nacemento de Valentín Paz Andrade.



Caricatura de Antonio Palla

Paz , naceu na parroquia de

na provincia de , o 23 de de

Valentín Paz Andrade,
«SEMENTEIRA DO VENTO»


Plim-plim, plim-plim, plim-plim...
Con sílaba de ferreiro
canta, canta,
os minerais sonos debullando,
plim-plim, plim-plim, plim-plim...
canta, canta o teu cicel.

...

A túa arte, canteiro,
arte maior do pico e da marreta,
que xeolóxico verso,
na castidade crúa do perpiaño
labrará para min?

...


Plim-plim, plim-plim, plim-plim...
As voces unisílabas da pedra,
só por túa mao, canteiro,
se xuntaron
ao pentagrama máxico do mundo.



Samil (Vigo), 1959

1.- Quen fai o son Plim-plin? Que instrumento utiliza?

2.- De que dous oficios fala a poesía? Coloréaos.



3.- Completa utilizando as palabras do recadro.

mariñeira canteiro ferreiro carpinteira


O que traballa co ferro é o

A que traballa no mar é a

A que traballa coa madeira é a

O que traballa a pedra é o

4.- Arrodea as palabras que non seguen a serie.



rede barco cana remo botas bicicleta gorro

lapis goma libreta mochila móbil libro afía

martelo lima parafuso espada roda motor

O refraneiro galego adícalle moitos refráns aos canteiros e ferreiros. Serías quen de completar estes refráns e escribir o que máis che gusta?

Ferro e pan ▲

◆ *e na botica non probar.*

Na casa do ferreiro ■

◆ *séntate no chan.*

Na casa do carpinteiro ◆


■ *coitelo de pau.*

Na casa do ferreiro non tentar ◆

▲ *cartos na man.*

QUE RUÍDO FAN?

Plim plim é a onomatopea do son que fai o cicel ao bater na pedra. Relaciona ti estas onomatopeas co obxecto que corresponda e escribe as parellas.



CAMPÁ



ESPIRRO



RELOXO



CHOCA

ATCHIS

TOLÓN TOLÓN

DIN DON

TIC TAC

	▶	
	▶	
	▶	
	▶	
	▶	



TIMBRE

TAN TAN

CON QUE MATERIAL TRABALLAN?

8

1

Relaciona cada profesión co material co que traballan.



QUE DI O CALIGRAMA?

9

1

ARTE MAIOR DO
RO, CANTEIRO,
A TUA ARTE, PICO
E DA MARRETA

Le este caligrama cuns versos de «*Cantarela do canteiro*», de Paz Andrade e cópiao.

As bruxas de Vozqueimado
deixan as vasoiras fóra,
para tornar enmeigado
ao que camiña a deshora.

Lobo na sombra enfoulado
que cando aos vultos oubeas
pos o silencio esgazado,
feito farrapos de teas.



Valentín Paz Andrade,
CEN CHAVES DE SOMBRA

COMPRENSIÓN DO TEXTO

10

1

1.- Onde deixan as bruxas a vasoira?

2.- De onde son as bruxas?

3.- A quen enmeigan?

4.- A quen oubea o lobo?

QUEN COLLEU AS PALABRAS?

11

1

As bruxas do poema fixeron desaparecer algunhas palabras. Complétao.

As bruxas de Vozqueimado

deixan as vasoiras ,

para tornar enmeigado

ao que camiña a .

Lobo na enfoulado

que cando aos vultos oubeas

pos o esgazado,

farrapos de teas .



UNHA SOPA DE ANIMAIS NOCTURNOS

12

1

Localiza nesta sopa de letras o nome de seis animais que saen pola noite.

MOUCHO MORCEGO RAPOSO LOBO SAPO PÍNTEGA

A	M	B	T	C	E	Ñ	T	R	N
M	O	U	C	H	O	U	E	A	V
C	R	L	D	B	S	S	A	P	O
E	C	A	T	R	D	C	F	O	T
T	E	S	B	D	B	R	A	S	B
R	G	T	C	E	A	L	M	O	H
L	O	B	O	G	H	A	B	E	C
B	R	P	I	N	T	E	G	A	N

En Galicia existen moitos seres fantásticos. Poderías relacionar cada un deles coas súas características? Colorea da mesma cor o nome coa súa característica.

URCO

Pantasma que asusta aos nenos.

PAPÓN

Can con cabeza de serpe.

TRASNO

Trae regalos no Nadal.

MENIÑEIRO


Trasno que fai sorrir aos pequenos.

APALPADOR

Espírito que vive nas casas.

QUE VEÑEN AS BRUXAS!

Localiza neste rebumbio de palabras cinco sinónimos da palabra bruxa e escríbeos á dereita. Unha pista, todos os sinónimos teñen a letra «a».



INGREDIENTES**12 PINGAS DE CHOIVA.****3 UNLLAS DE GATO.****15 PÉTALOS DE ROSAS VERMELLAS.****23 PUGAS DE CACTUS.****86 PINGAS DE SANGUE DE RATO.**

1.- Inventa e redacta como se podería facer a apócema.

2.- Cantas pingas en total hai que botar na apócema.

3.- Que cantidade de ingredientes vexetais ten?

4.- Se temos cinco cactus con dez pugas cada un. Cantos cactus imos utilizar para preparar a apócema?
